



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

### RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Jose Andrés García Cardeso, alcalde do concello da Baña, á data da sinatura dixital, en presenza do secretario - interventor de dito concello, emito o seguinte decreto:

**Asunto: REVISIÓN DE OFICIO E SUSPENSIÓN DE ACTOS COMO CONSECUENCIA DUN SUPOSTO DE NULIDADE NAS BASES QUE REGULAN O PROCESO SELECTIVO PARA A CONFORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE PERSOAL DE ENCARGADO DE OBRAS DO CONCELLO DA BAÑA.**

**Expte. TEDEC: 2022/E001/000001 (Emprego).**  
**Expte. TEDEC: 2022/G003/000330 (Decreto).**

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o Concello da Baña iniciou a tramitación dun expediente de conformación dunha bolsa de emprego temporal para cubrir as ausencias de diversa índole dun traballador funcionario grupo C2, nivel 14, adscrito ó departamento de obras.

Visto que para a eficiente xestión dos recursos humanos do Concello, a Alcaldía opta pola conformación dunha bolsa de emprego para cubrir unha praza de persoal de encargado de obras do concello da Baña (A Coruña) e apróbanse as bases que regularán dito proceso a través dun acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 10/03/2022.

Visto que ditas bases foron publicadas no taboleiro de anuncios municipal, así como na web e na sede electrónica do Concello da Baña e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña núm. 55, de 22 de marzo de 2022.

Visto que o expediente instruíuse con normalidade, en concordancia co disposto nas bases reguladoras anteriormente referidas.

Visto que en data 22/06/2022 dítase resolución de Alcaldía con número 274/2022 mediante o que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos así como o sinalamento de data, hora e lugar das probas selectivas e a composición do tribunal que as dirixirá.

Visto que consta no expediente informe de Secretaría – Intervención mediante o que se informa favorablemente ó inicio dun procedemento de declaración de nulidade do acto administrativo mediante o que se aprobaron as bases reguladoras que rexen a conformación dunha bolsa de emprego para cubrir unha praza de persoal de encargado de obras do Concello da Baña (A Coruña), así como á suspensión dos actos de instrución derivados de ditas bases, nomeadamente a realización das probas selectivas previstas para o 29/06/2022.



## CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516  
Fax: 981 886 616  
correo@concellodabana.gal  
www.concellodabana.gal

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

**Primeiro.-** Avoca-la competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 16/2022 de 17/01/2022, na Xunta de Goberno Local.

**Segundo.-** Iniciar un procedemento de declaración de nulidade do acto administrativo mediante o que se aprobaron as bases reguladoras que rexen a conformación dunha bolsa de emprego para cubrir unha praza de persoal de encargado de obras do Concello da Baña (A Coruña).

**Terceiro.-** Proceder á suspensión dos actos de instrución derivados de ditas bases, nomeadamente a realización das probas selectivas previstas para o 29/06/2022..

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo á Intervención para o seu coñecemento aos efectos oportunos e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asíno o señor alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretario- interventor, Ricardo Garrido Caneda, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE**